



Manuel Cruz. Director do programa *O Agro-Labranza* (TVG)

“Os labregos non somos importantes...”

dos xeitos de produción tradicionais á mecanización... Neste senso, a evolución do sector leiteiro é un dos exemplos máis paradigmáticos: o paso á gandería de leite supuxo, sobre todo, o cambio en moitas casas dunha economía de autoconsumo a unha economía de mercado, xa que a venda diaria do leite permitía a entrada regular de cartos na casa, algo ao que non estaban acostumados os labregos. Ao abeiro do leite desenvolveuse, ademais, toda unha actividade económica vencellada á súa recollida e comercialización e que mudou a faciana de moitas comarcas rurais.

Neste tempo o noso sector lácteo soubo medrar e evolucionar, malia as adversidades –a adaptación ao sistema das cotas lácteas e á súa posterior desaparición, as crises de prezos, o despoboamento do medio rural–, ata equipararse ao do resto de Europa. Unha evolución á que en moitas ocasións o gandeiro se tivo que afrontar “á brava”, acudindo á formación e á información que precisaba para afrontar os cambios de xeito autodidacta. Claro que neste tempo houbo referentes informativos no sector agrario, como o traballo do Servizo de Extensión Agraria desde mediados dos anos 50, a difusión que as casas comerciais facían das novas técnicas que querían introducir, o labor de cooperativas e asociacións profesionais..., pero estas iniciativas non tiveron a continuidade nin a difusión necesaria para chegar a todo o mundo, e ás veces ao gandeiro custáballe –e custalle– distinguir a fronteira entre información e publicidade. A esta falta de información hai que engadirle tamén o fracaso da formación agraria regrada en España, que, reforma educativa tras reforma educativa, nunca soubo crear un ciclo formativo atractivo para agricultores e gandeiros.

Ao gandeiro profesional de leite non lle quedou outra que buscarse a vida, debullando un pouco de infor-

mación de aquí e outro pouco de alá, mergullándose na Internet –pelexando coa deficiente cobertura que padecen a maior parte dos territorios rurais–, recorrendo ao sistema de “proba-erro” á hora de afrontar os cambios na súa granxa e converténdose nun auténtico home do Renacemento que ten que saber de agronomía, zootecnia, veterinaria, mecánica, enxeñería, lexislación autonómica, estatal e europea... para poder sacar adiante día a día a súa explotación. Neste contexto iniciativas coma a de *Vaca Pinta* son un auténtico oasis: información feita desde o sector e para o sector, co obxectivo de servir de transmisión de coñecementos e de divulgación de novas técnicas que lle axuden ao gandeiro no seu labor diario. Pero máis aló do labor informativo, o traballo desenvolvido durante todos estes anos polo equipo de Transmedia tivo un valor moito máis transcendente: reivindicar o orgullo de ser gandeiro, facerlles sentir a moitas persoas que son partícipes dunha comunidade máis ampla, desde Santa Comba a Valle de los Pedroches, dos Azores ata Girona, cada un coa súas particularidades pero tamén con problemas e con anhelos comúns. Un sector leiteiro que, malia a imaxe de inmovilismo que ten del unha boa parte da sociedade, soubo repoñerse das sucesivas crises e cambios que tivo que afrontar estes anos ata converterse nun dos piares económicos do agro galego e español.

Se algo necesitou e necesita o sector leiteiro é formación e información para seguir progresando. Porque máis aló das innovacións tecnolóxicas, os cambios lexislativos ou a política, o principal valor deste sector sempre foi e segue sendo o que agora se chama “capital humano”, a súa xente, eses milleiros de gandeiros e gandeiras que tanto nos anos bos como especialmente nos malos souberon traballar para manter a súa casa e a súa familia e, facendo iso, axudaron a levantar o país. ■

Hai unha viñeta do humorista gráfico Xaquín Marín onde sae un home, cun campo e unha aldea ao fondo, e di con retranca: “Os labregos non somos importantes, total, só lle damos de comer ao mundo!”. Aínda que pareza mentira non está de máis lembrar esta idea nos tempos que corren, nos que unha boa parte da poboación da cidade semella descoñecer de onde proceden aqueles produtos que, coma un “maná” divino, aparecen maxicamente nos estantes dos supermercados.

A función da agricultura e a gandería sempre foi, e segue a ser, a produción de alimentos. Era esa cando hai só un século máis do 80 por cento da sociedade vivía no campo e do campo, e cos seus “diezmos” mantiña tamén as clases acomodadas, a nobreza e o clero, e segue a selo hoxe en día, cando a poboación ocupada no sector agrario xa non chega nin ao 7 por cento do total. Si, a función é a mesma, pero neste tempo o campo galego tivo que afrontar un cambio sen precedentes

▶ SE ALGO NECESITOU E NECESITA O SECTOR LEITEIRO É FORMACIÓN E INFORMACIÓN PARA SEGUIR PROGRESANDO